



PROGRAMACIÓNS AUDICIÓ E LINGUAXE

**CEIP PLURILINGÜE VICENTE OTERO
VALCÁRCEL
CURSO 2023 – 2024**

ÍNDICE

PROGRAMACIÓN DA MESTRA ESPECIALISTA DE AL M^a ÁNGELA PRECEDO (PRAZA DEFINITIVA NO CENTRO)	2
INTRODUCCIÓN:	2
OBXECTIVOS:	3
METODOLOXÍA:	5
AVALIACIÓN.	7
Alumnado que recibe apoio de Audición e Linguaxe:	8
PROGRAMACIÓN DA MESTRA ESPECIALISTA DE AL MARTA LÓPEZ GEADA (PRAZA PROVISIONAL)	9
1. CONTEXTUALIZACIÓN	9
2. IDENTIFICACIÓN DAS NECESIDADES DO ALUMNADO.	12
3. OBXECTIVOS	13
4. COMPETENCIAS CLAVE	14
5. RECURSOS	15
6. METODOLOXÍA	17
7. TEMPORALIZACIÓN	17
8. AVALIACIÓN	18

Programación da mestra especialista de AL M^a Ángela Precedo (Praza definitiva no centro)

INTRODUCCIÓN:

A Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, regulada polo Decreto 120/1998, no seu artigo 7º dispón:

Sen prexuízo do establecido no Decreto 374/1996, do 17 de outubro do Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria e da Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento dos ditos centros, os mestres e mestras especialistas en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe exercerán as súas funcións en tódalas etapas educativas que se impartan no centro e desenvolverán, ademais das que lles competen como membros do departamento de orientación, as seguintes funcións:

- 1. Asistir ás reunións da comisión de coordinación pedagóxica.*
- 2. Participar, cando cumpra, naquelas sesión de avaliación que afecte a alumnado con necesidades educativas especiais*
- 3. Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares individuais, así como das medidas de reforzo, se é o caso, e daquelas dirixidas á atención á diversidade do alumnado.*
- 4. Prestarlle atención docente directa ó alumnado con necesidades educativas especiais que así o requira que, en xeral, se prestará no grupo no que estea integrado.*
- 5. Aquelas funcións que a Administración educativa lles poida asignar referidas á orientación.*

Así como a **ORDE do 8 de setembro de 2021** pola que se desenvolve o **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do

alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Artigo 57. *Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe*

1. A intervención profesional do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e do especialista en Audición e Linguaxe débese entender como un recurso dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais, sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Este profesorado exercerá as súas funcións, con carácter prioritario, nas etapas de educación infantil, de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria

OBXECTIVOS:

- XERAIS:

- ✓ Proporcionar estratexias de intervención que permitan unha optimización dos recursos existentes no centro.
- ✓ Asesorar ao profesorado, familias e alumnado deseñando accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades no campo da audición e da linguaxe.

- ESPECÍFICOS:

A.- En relación ó alumnado:

○ COMUNICACIÓN:

- Potenciar a comunicación e posibilitar que estes alumnos/as adquiran habilidades comunicativas en máis contextos e para tódalas actividades da vida cotiá, mediante linguaxe oral e/ou un sistema alternativo de comunicación.

○ LINGUAXE:

- Desenvolver un léxico básico que favoreza a representación mental e o coñecemento do mundo co rodea.

- Desenvolver as vertentes gramatical, semántica e pragmática da linguaxe que lles permitan un uso funcional e social da mesma, así como as funcións da linguaxe de regulación e planificación
- Promover a reflexión na búsqueda de estratexias que favorezan a aprendizaxe da lectoescritura.
- Diseñar actuacións que favorezan a comprensión lectora.
- **FALA:**
 - Rehabilitar alteracións fonoarticulatorias e respiratorias.

B. - En relación ás familias:

- Promover a colaboración das familias e orientalas no relativo ás alteracións na audición e na linguaxe.
- Involucralas no proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos/as.
- Coordinación coas mesmas, sempre que o soliciten.

C.- En relación ó profesorado:

- Facilitar o asesoramento respecto ás estratexias de intervención co alumnado con necesidades educativas especiais.
- Recabar a súa información nos procesos de avaliación e na organización da atención á diversidade do alumnado.
- Promover a coordinación e o traballo compartido, así como a innovación educativa.
- Colaborar no deseño dos distintos informes.

D.- En relación ó centro:

- Establecer, xunto cos especialistas de pedagogía terapéutica e a outra especialista de AL, o calendario de reunións periódicas coa xefa do Departamento de Orientación, así coma os horarios dos alumnos/as que asisten ao aula de audición e linguaxe.

E.- En relación a outras institucións:

- Colaborar e demandar a colaboración do Equipo de Orientación Específico naqueles casos que así se soliciten ou se considere necesaria a súa intervención.
- Establecer canles cos servizos e entidades que poidan axudar á mellor integración dos alumnos/as con necesidades educativas especiais.

- ✓ **RESPIRACIÓN E RELAXACIÓN.**
- ✓ **CAPACIDADES PREVIAS Á LINGUAXE.**
- ✓ **DISCRIMINACIÓN AUDITIVA.**
- ✓ **MOVILIDADE DOS ÓRGANOS ARTICULATORIOS.**
- ✓ **ENTRENAMIENTO FONÉTICO FONOLÓXICO.**
- ✓ **LINGUAXE COMPRESIVA.**
- ✓ **LINGUAXE EXPRESIVA.**

METODOLOXÍA:

Partir do nivel de desenvolvemento do alumno, con actividades que permitan establecer relacións entre os coñecementos e experiencias previas e as novas aprendizaxes, e que estas cheguen a ser significativas.

Basearnos no principio de individualización e atención à diversidade adoptando os métodos e recursos ás diferentes situacións de aprendizaxe, provocando unha participación activa do alumnado no proceso de aprendizaxe

RECURSOS.

a) PERSONAIS.

Este centro conta cunha especialista en audición e linguaxe, eu, con destino definitivo no centro dende hai quince cursos, e cunha segunda especialista de AL, con destino provisional e itinerante noutro centro docente máis.

Este centro conta cunha mestra especialista en pedagogía terapéutica (PT) definitiva dende hai catorce anos, e neste curso coutro PT con destino provisional e itinerante noutro centro docente máis. O centro conta, dende hai sete anos, cun mestre, en comisión de servizos, especialista en PT, para prestar apoio

especificamente a un alumno con PC, escolarizado no quinto nivel de educación primaria.

Todos estes profesionais formamos parte do Dpto. de Orientación dirixido pola xefa do mesmo.

Todos os especialistas nomeados arriba coordinarémonos entre nós e coas titoras/es, e equipos docentes respectivos, para levar a cabo os apoios necesarios do alumnado que temos en común.

Asemade contamos no centro con dous persoas auxiliares coidadores (PAC) para asistir a cinco alumnos con necesidades educativas especiais de carácter permanente nos seus desprazamentos, no comedor e aseos.

b) MATERIAIS.

Como no curso anterior, a miña aula de Audición e Linguaxe conta con material específico para o tratamento da audición e a linguaxe, e material de elaboración propia que fun creando ó longo destes cursos, segundo as necesidades que foron xurdindo para o traballo co alumnado.

c) ORGANIZATIVOS.

- **Espazo:** O centro conta este curso escolar cunha soa aula de Audición e Linguaxe, a miña; habilitouse a chamada "titoría" do pasillo de dirección para a outra especialista de AL e o "espazo maker" para o novo mestre de PT: Un espazo deficitario para o apoio e a atención ao alumnado.

- **Tempo:** Horario completo:

A miña atención de carácter lectivo aos alumnos é de 25 horas semanais. Ademais destas horas están as dedicadas á preparación de clases e materiais, atención a pais/nais, coordinacións, reunións de equipos, CCP... que suman cinco horas en horario non lectivo semanal. Fan un total xeral presencial de 30 horas semanais.

TEMPORALIZACIÓN

En base ó regulado na **Orde de 8 de setembro de 2021** pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia:

Artigo 57.4:

A atención docente directa por parte do profesorado especialista en PT ou en AL realizarase, con carácter xeral, dentro da aula ordinaria do alumnado ao que apoia. Fóra da aula ordinaria esa atención terá carácter excepcional, deberá constar no informe psicopedagógico, terá unha distribución semanal equilibrada e non poderá exceder da terceira parte dos períodos lectivos semanais, que en ningún caso suporá a totalidade do horario lectivo semanal dunha determinada área ou materia, agás que o alumnado estea escolarizado nunha modalidade diferente á ordinaria, e poderá desenvolverse, con carácter xeral, en pequeno grupo, cun máximo de cinco alumnos ou alumnas de forma simultánea.

Da atención excepcional fóra da aula á que se refire o parágrafo anterior, exclúense as intervencións do profesorado de AL que teñan que ver coa reeducación da produción oral do alumnado. Nese caso, esas intervencións só ocuparán unha fracción do período lectivo.

Levaranse a cabo sesións individuais e/ou en pequeno grupo (máximo catro alumnos/as) cunha duración das sesións de entre 20 e 50 minutos, segundo as necesidades; así como a periodicidade e número de sesións semanais necesarias segundo as patoloxías da audición e/ou da linguaxe.

AVALIACIÓN.

A avaliación será continua, global e formativa para o noso alumnado. Levarase a cabo tendo en conta tres momentos ó longo do curso:

- Avaliación inicial, se valora ós novos alumnos ó comezo do curso, para saber as dificultades que amosan e a aqueles que xa acudiron o curso anterior e así poder comezar a intervir cos apoios.
- Avaliación continua, a través dos rexistros de sesións, reunións periódicas cos titor/as, e/ou Dpto. Orientación, e os informes individuais trimestrais.
- Avaliación final, no mes de xuño valorarase a consecución, ou non, dos obxectivos, a súa evolución e redactarase uns informes finais individuais.

Alumnado que recibe apoio de Audición e Linguaxe:

(Poderá verse modificado ó longo do curso escolar)

EDUCACIÓN INFANTIL :

4ºA: Retraso no desenvolvemento.

4ºB: Retraso no desenvolvemento.

5ºB: Un alumno con dificultades na comunicación e na linguaxe..

6ºB: Tres alumnos con dislalias.

EDUCACIÓN PRIMARIA :

1ºA: Un alumno con retraso severo da linguaxe.

1ºB: Un alumno con dislalias.

2ºA: Un alumna con dislalias e un alumno con dislalias e dificultades na lectoescrita.

2ºC: Un alumno con TEA.

3ºA: Un alumno con TEA.

3ºB: Un alumno con dislalias e dificultades na lectoescrita, unha alumna con fala farfullante e dificultades na lectoescrita e unha alumna con déficit visual e dislexia.

3ºC: Unha alumna con TEA e unha alumna con dificultades na lectoescrita.

5ºA: Un alumno con plurideficiencias (PC).

6ºB: Un alumno con dislexia.

TOTAL: 19 alumnos/as.

Mª Ángela Precedo No
Mestra especialista en Audición e Linguaxe

Programación da mestra especialista de AL Marta López Geada (Praza provisional)

1. CONTEXTUALIZACIÓN

O actual sistema educativo aposta por unha escola aberta, flexible, capaz de adaptarse a necesidade e diversidade dos alumnos, así como as demandas actuais da sociedade. **A atención á diversidade** é un concepto que engloba a sociedade, onde cada persoa ten un xeito de pensar, sentir, actuar... O *Decreto 229/2011 polo que se regula a atención á diversidade en Galicia*, defínea como: "o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa as diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado".

Dentro da Atención á diversidade, a *Lei 3/2020 de Educación*, do 29 de Decembro, polo que se modifica a LOE (LOMLOE) e a *Orde do 8 de Setembro de 2021, pola que se desenvolve o D. 229/2011 e se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE*, sinalase que: "enténdese por alumnado con **necesidade específica de apoio educativo** as alumnas e os alumnos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por retraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atopárense en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por térense incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar".

Dentro do alumnado **NEAE** englobase o alumnado con **necesidades educativas especiais** definido como "aquel que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conducta, da comunicación ou da linguaxe, por un período da súa escolarización ou o longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións

educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

Neste ámbito de atención a diversidade amósase imprescindible a figura dos mestres de apoio, e dentro deles o papel do especialista de audición e linguaxe. Na mencionada Orde do 8 de setembro, establécense como funcións do mestre de audición e linguaxe, entre outras.

a) A intervención profesional do mestre de Audición e Linguaxe débese entender como un recurso dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais, sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Este profesorado exercerá as súas funcións, con carácter prioritario, nas etapas de educación infantil, de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria

b) Colaborar coa xefatura do departamento de orientación na proposta de organización da docencia de apoio.

c) Prestar atención docente directa ao alumnado con neae segundo a proposta de distribución da docencia do profesorado de apoio realizada pola xefatura do departamento de orientación á xefatura de estudos e autorizada pola dirección do centro docente. Esa atención en ningún caso substituirá a do profesorado titor nin a do profesorado que imparta as áreas ou materias nas que o alumnado reciba o apoio.

d) Elaborar os programas de intervención para o alumnado que atende, segundo as directrices recollidas no Plan xeral de atención á diversidade, en colaboración co profesorado da área ou da materia que corresponda e segundo a orientación e o asesoramento da xefa ou do xefe do departamento de orientación

e) Colaborar, de ser o caso, na elaboración das adaptacións curriculares do alumnado que atende, así como no seguimento e na avaliación delas.

f) Participar na planificación e no desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.

g) Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto.

h) Elaborar, ao finalizar o curso escolar, un informe individual de cada alumna ou cada alumno ao que prestara apoio, coordinado pola xefatura do departamento de orientación e segundo o modelo facilitado polo departamento de orientación, que se incluírá no seu expediente.

i) Aqueloutras funcións que a Administración educativa, dentro do ámbito das súas competencias, lle poida asignar referidas á inclusión, á orientación e á atención á diversidade.

O apoio do profesorado especialista en audición e linguaxe centrarase prioritariamente nos ámbitos da comunicación, da linguaxe e da fala

A) DATOS RELEVANTES DO CENTRO

O centro no cal se desenvolverá esta programación é un CEIP, dependente da Consellería de Educación da Xunta de Galicia. Ademais hai que ter en conta que este posto de traballo é itinerante co Ceip de Tabeaio, o cal, dispón de 2 unidades (unha de EI e outra de EP). O CEIP ten unha liña 3 e está composto por 6 unidades de E.I e 18 de E.P. Tendo en conta que cada centro está inmerso nunha realidade concreta, unha programación precisa dun estudo sobre o *contexto e familias* e o propio *centro*, así como das características do mesmo e do seu *alumnado*, podendo así analizar as necesidades e observar os recursos que dispoñemos.

• DATOS EN RELACIÓN Ó CONTEXTO E FAMILIAS

Atopámonos no CEIP Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel, situado dentro da mesma vila, a cal pertence ó concello de Carral. Para coñecer un pouco máis o seu entorno, débese facer fincapé no nivel **socioeconómico** e **sociocultural** da zona. En canto ó socioeconómico, detallar que é medio, xa que o sector predominante é o sector servizos. En canto ó sociocultural, atopamos a mesma situación, existindo un ambiente enriquecedor.

• DATOS EN RELACIÓN Ó CENTRO

O centro ten unha xornada continua de 9:20 a 14:20 h. En canto a *distribución de espazos*, está composto por 4 edificios: neles repártense ás aulas de Educación Infantil, sala de mestres, aulas de E.P, secretaría, DO...

Destacar que o centro dispón de servizo de comedor e transporte, sendo a Consellería de Educación a encargada do seu funcionamento. Ademais, consta dunha biblioteca dinámica e innovadora (segundo co *PLAMBE*), adecuadas tanto para a etapa de Educación Infantil, como para Educación Primaria. Non esquecer mencionar as relacións fluídas entre os órganos de goberno e a ANPA.

Debemos concretar cales son os **recursos persoais do centro**. O centro conta cun **cadro completo** de profesorado, existindo un número elevado de mestres no centro. A isto engadir que ten un DO compartido co CEIP de Tabeaio, de acordo co *Decreto 120/1998* e a *Orde do 24 de xullo de 1998 polo que se establece o funcionamento e organización da Orientación en Galicia* e a *Circular 10/2010 que regula determinados aspectos da orientación educativa*.

- **DATOS EN RELACIÓN Ó ALUMNADO**

O centro conta cun total de 450 alumnos aprox. O alumnado está distribuído en dúas unidades por nivel, en EI e tres unidades por nivel en EP. A **nivel mestrado e centro**, existe unha gran implicación e grao de esixencia persoal, sobre todo cos rapaces que presentan NEAE.

2. IDENTIFICACIÓN DAS NECESIDADES DO ALUMNADO.

- Entre as **NEAE** que presenta o alumnado neste centro, atopamos:
 - Trastornos de atención e aprendizaxe
 - Trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación
 - Alumnado con situación de vulnerabilidade socieducativa
- En canto as **NEE**, existen:
 - TEA
 - Síndrome con múltiples plurideficiencias
 - Discapacidade intelectual
 - T. X. D

Este alumnado pode presentar unha serie de **necesidades específicas** que como mestra de AL debo atender, como: necesidade de traballar as áreas do desenvolvemento, desenvolver a capacidade comunicativo-lingüística e as súas dimensións, sensibilizar a comunidade educativa con respecto as NEAE, levar a cabo medidas ordinarias e

extraordinarias e por último, coordinarse tanto coas familias, como có resto da comunidade educativa.

3. OBXECTIVOS

Establécese como obxectivo xeral :

- Atender ó alumnado con N.E.A.E. que presenta dificultades relacionadas coa linguaxe e comunicación.
- Asesorar ao profesorado, familias e alumnado deseñando accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades no campo da audición e da linguaxe.
-

Cómo obxectivos específicos:

- Mellorar a competencia comunicativa-lingüística do alumnado, Prestando apoio en:
 - *COMUNICACIÓN*: Potenciar a comunicación e posibilitar que estes alumnos/as adquiren habilidades comunicativas en máis contextos e para tódalas actividades da vida cotiá, mediante linguaxe oral e/ou un sistema alternativo de comunicación.
 - *LINGUAXE*:
 - Desenvolver un léxico básico que favoreza a representación mental e o coñecemento do mundo co rodea.
 - Desenvolver as vertentes gramatical, semántica e pragmática da linguaxe que lles permitan un uso funcional e social da mesma, así como as funcións da linguaxe de regulación e planificación
 - Promover a reflexión na búsqueda de estratexias que favorezan a aprendizaxe da lectoescritura.
 - Deseñar actuacións que favorezan a comprensión lectora.
 - *FALA*: Rehabilitar alteracións fonoarticulatorias e respiratorias.

- Promover a colaboración das familias e orientalas no relativo ás alteracións na audición e na linguaxe. Involucrándoas no proceso de ensino – aprendizaxe dos seus fillos e levando a cabo unha adecuada coordinación con elas.
- Facilitar asesoramento ó profesorado respecto das estratexias de intervención co alumnado con NEAE, promover a coordinación e o traballo compartido, así como a innovación educativa.
- Establecer canles de comunicación con organismo externos o centro que participen no proceso de ensino – aprendizaxe do alumnado con NEAE

4. COMPETENCIAS CLAVE

Para podelas incorporar no intervención diaria có alumnado debemos seguir **un enfoque globalizado**, tendo en conta tanto as características físicas, como cognitivas dos alumnos, conectando as aprendizaxes coa súa vida cotiá, intereses e curiosidades. Unha vez explicada a terminoloxía é preciso enmarcalas cos obxectivos e contidos deste plan de apoio:

- ***Comunicación lingüística (CL)***: deseñar programas de intervención para unha necesidade comunicativa-lingüística (fonética-fonoloxía, morfosintaxe, semántica e pragmática) e traballar a lectura.
- ***Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxías (CMCT)***: Mellora na lectura comprensiva de enunciados que axudan na resolución de problemas; aprendizaxe de nocións temporais e espaciais relacionados coa semántica.
- ***Competencia dixital (CDIG)***: Aproximacións das TICs na aula; emprego de recursos dixitais tanto nos programas de intervención coma na vida diaria da aula.
- ***Competencia social e cívica (CSC)***: Desenvolvemento de metodoloxías inclusivas; acceso e comprensión das normas do centro; pautas de intervención.
- ***Conciencia e expresións culturais (CEC)***: Actividades relacionadas con conmemoracións; promoción de tradicións culturais.

- ***Aprender a aprender (AA)***: Adquisición de autonomía por parte do alumnado; selección, aportación, organización de información (mapas mentais e esquemas).
- ***Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEE)***: Fomentar a autonomía nas rutinas diarias do centro e aula, promover a procura de información.

5. RECURSOS

A) RECURSOS HUMANOS (INTERNOS E EXTERNOS)

O centro conta cuns recursos humanos que están implicados directamente na atención do alumnado NEAE. Entre eles diferenciamos dous grandes grupos: **os recursos internos á escola** e **os recursos externos á mesma**.

Comezando polos **recursos internos** do centro atopamos os *recursos docentes e non docentes*. Os *recursos docentes* están compostos polos titores de E.I e E.P, os mestres especialistas ou de áreas (E.F, Francés, Música, Relixión e Inglés) e os mestres de apoio (3 PT, 1 PT de atención preferente e outro itinerante, 1 AL e 1 AL itinerante). Logo, nos *recursos non docentes* atopamos conserxe, cociñeiro...Este persoal constitúe os *órganos de coordinación docente e órganos de goberno*. Os primeiros están formados polos os equipos de ciclo de EI, equipos de Dinamización da Lingua Galega, equipo de actividades complementarias e extraescolares, equipo de biblioteca, TIC, o DO e a CCP. Os segundos están compostos pola directora, secretaria, Consello Escolar e Claustro. Por outra banda destacar que formo parte do equipo de biblioteca onde realizarei as tarefas encomendadas.

Por último, nos **recursos externos** podemos citar os *recursos educativos e non educativos*. Nos primeiros incluímos o E.O.E. ó que teremos que acudir para solicitar asesoramento e orientación entre outros aspectos e o CEFORE, CAFI, formando permanentemente ó profesorado. En relación os non educativos, incluímos o concello, servizos sanitarios, asociacións e convenios que nos poden achegar información e pautas.

B) RECURSOS MATERIAIS

A aula de Audición e Linguaxe conta con material específico para o tratamento da audición e a linguaxe, e material de elaboración propia que fun creando ó longo destes cursos, según as necesidades que foron xurdindo para o traballo cos alumnos

C) RECURSOS ORGANIZATIVOS

O centro conta con dúas aulas de Audición e Linguaxe, aínda que a que eu utilizo é a aula de convivencia xa que non había outro espazo axeitado no centro.

Por último, hai que ter en conta que a **nosa intervención** de forma xeral levarase a cabo dentro da aula ordinaria e fóra da mesma só nos casos que sexan precisos axustándonos a *Orde 8 de Setembro de 2021*. A mesma orde detalla que unha fracción do período lectivo pode ter lugar fóra da aula para as intervencións da fala e da linguaxe: *exclúense as intervencións do profesorado de Audición e Linguaxe que teñan que ver coa reeducación da produción oral do alumnado*.

Ademais tamén dispoñemos *doutro tipo de recursos organizativos* (segundo a actual Orde) como son:

- A existencia de diversas modalidades de escolarización.
- A posibilidade de flexibilizar o período de escolarización.
- A posibilidade de flexibilizar os horarios e os agrupamentos.
- Os recursos e instrumentos que posibilitan unha avaliación individualizada: a avaliación psicopedagóxica, na *Orde do 31 de outubro de 1996*.

6. METODOLOXÍA

A) OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS XERAIS

Levaranse a cabo principios metodolóxicos xerais co alumnado como Partir do nivel de desenvolvemento do alumno, con actividades que permitan establecer relacións entre os coñecementos e experiencias previas e as novas aprendizaxes, e que éstas cheguen a ser significativas.

Basearnos no principio de individualización e atención à diversidade adoptando os métodos e recursos ás diferentes situacións de aprendizaxe, provocando unha participación activa do alumnado no proceso de aprendizaxe, a aprendizaxe significativa, a Educación Emocional, xunto coa teoría das intelixencias múltiples, a gamificación...

B) OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS ESPECÍFICOS

Neste apartado aparecen as estratexias metodolóxicas específicas, máis adecuadas a cada NEE. Aquí, amosamos un exemplo para a *discapacidade intelectual, TEA e trastornos do desenvolvemento da linguaxe comunicación*:

- Evitar valoracións negativas ó centrar toda a atención na dificultade que presenta.
- Empregar un entorno flexible, lúdico, motivador, con espazo para a interacción e a espontaneidade.
- Incidir na autonomía.
- Ter en conta as características individuais relativa ó nivel e estratexias comunicativas.

7. TEMPORALIZACIÓN

Esta programación concreta a súa temporalización e secuenciación de tarefas para un curso escolar. Teremos sesións individuais e en pequeno grupo fóra da aula ordinarias e sesións dentro da mesma. Tanto a duración da sesión como o número de sesións estipuladas, dependerá das necesidades existentes, podendo variar (entre os 25 ata os 50 min), dependendo directamente das necesidades do alumnado.

Arestora, tendo en conta os criterios da **PXAD** para elaborar o meu horario de atención directa. Este terá un carácter flexible, podendo sufrir variacións ao longo do curso, incorporándose ou dándose de baixa certo alumnado. Polo tanto, unha vez que xa saibamos que alumnos/as van necesitar a nosa atención e as súas NEE, elaborárase un horario. Hai que ter en conta que o horario vai ser repartido entre os dous centros.

8. AVALIACIÓN

A avaliación será continúa, global e formativa e levarase a cabo tendo en conta tres momentos o longo do curso:

- **INICIAL:** Valoraránse ós novos alumnos ó comezo do curso, para saber as dificultades que amosan e a aqueles que xa acudiron o curso anterior e así poder comezar a intervir cos apoios.
- **CONTINUA:** Realizaremos o seguimento do proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado, facendo reunións periódicas co titor, co DO, informes trimestrais individuais...
- **FINAL:** Ó final de curso, valorarase a consecución, ou non, dos obxectivos establecidos no programa de intervención de cada alumno e redactarase un informe final individual, tal e como establece a devandita orde do 8 de setembro.

A) INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos que se van a empregar para realizar correctamente e de forma pautada a avaliación serán: os portfolios, observación, a recollida de material diario na aula e un anecdotario.

B) MEMORIA FINAL E PROPOSTAS DE MELLORA

Ó remate do curso escolar darase por finalizada a aplicación desta programación anual e xa poderemos establecer unha serie de conclusións ,sobre a difusión e o alcance do mesmo. Para iso, faremos uso da avaliación final, xunto cos criterios citados anteriormente que nos servirán de referencia para a continuación do noso traballo. Con estas conclusións, elaboraremos **unha memoria final** que deberá incluír **propostas de mellora** para o vindeiro curso académico. Tamén deberán reflectirse, as dificultades atopadas na aplicación desta proposta, así como as necesidades achadas con posterioridade á redacción deste documento.

Marta López Geadá

Mestra especialista en Audición e Linguaxe